

Ano 2021

MEMORIA ACTIVIDADES

UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo- 36310
986 813 419
igualdade@uvigo.gal



A Universidade de Vigo, como institución pública e responsable, está comprometida cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 no seu ámbito de acción. Como servizo con competencias para deseñar as políticas de igualdade de xénero da institución - en colaboración co equipo de goberno-, a **Unidade de Igualdade** traballa de

forma firme e constante para avanzar no Obxectivo 5, na procura da **igualdade real e efectiva entre mulleres e homes na nosa Universidade**.

Este informe de avaliación tamén contribúe na meta 16.6 que busca **crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade**.

Este documento recolle a memoria de actividades impulsadas e executadas pola **Unidade de Igualdade** durante o ano 2021. As accións están divididas en dous apartados, en primeiro lugar aquelas que se levan a cabo para cumprir co [*III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024*](#) e, un segundo apartado, que recolle accións estables do servizo, medidas puntuais ou as que responden a necesidades específicas que coñecemos durante este tempo.

Para calquera dúbida ou información máis detallada pódese contactar coa **Unidade de Igualdade** por correo-e a través de igualdade@uvigo.es, no 986 913 419 (de 09:00 a 17:00 h de luns a venres) ou presencialmente nas oficinas do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

ÍNDICE DE ACTIVIDADES

Accións do III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024

- Conmemorar os días especiais (11F, 8M, 25N) con campañas de sensibilización.
- Visibilizar as desigualdades de xénero na universidade, desagregar os datos estatísticos oficiais da UVigo por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais.
- Distintivo de igualdade.
- Actividades docentes e de sensibilización.
- Manter a actual existencia dun equilibrio representativo entre os sexos nas xefaturas de servizo.
- Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade.
- Garantir unha comunicación institucional inclusiva.
- Elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar toda a comunidade universitaria.
- Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero.
- Promover e ampliar a oferta de formación para impulsar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.
- Favorecer unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero.
- Promover a investigación no marco dos estudos de xénero.
- Acción honoris causa
- Sensibilización e mediación dende a UI do persoal responsable de decisión proconciliación para que as impulsen

Outras actividades

- Boletín
- Comunicación RRSS
- Consultas
- Distribución de compresas e tampóns
- XUGeX 2021
- Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo
- Repertorio Premios Egeria
- Seminario Fenda salarial de xénero na UVigo
- Calendario 2022
- Participación en xornadas, seminarios e outras actividades.
- Participación nos grupos de traballo da RUIGEU
- Activación do Protocolo de Cambio de Nome UVigo.

ACCIÓNS DO *III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2020-2024*

Commemorar os días especiais con campañas de sensibilización

Co obxectivo de sensibilizar sobre as desigualdades de xénero no ámbito universitario, e as causas que as provocan, para implicar a toda a comunidade universitaria na consecución dun contorno máis xusto, realízanse campañas de denuncia, actividades formativas e accións específicas en torno a tres datas sinaladas de especial significado para a igualdade e para o ámbito da educación superior.

[11F. Día internacional das mulleres e as nenas na ciencia](#)

No ano 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas estableceu o día **11 de febreiro** como o **Día internacional das mulleres e as nenas na Ciencia**. Esta data ten por obxectivo promover o acceso pleno e equitativo e a participación feminina na Ciencia. Ademais, serve para recoñecer o papel fundamental que desempeñan as mulleres e as nenas na ciencia e a tecnoloxía.

Desde o ano 2017 a Universidade de Vigo sumouse ás accións levadas a cabo nesta data con diversas propostas para espertar as vocacións científicas nas nenas e mozas da contorna dos campus universitarios. Este traballo está feito en colaboración coa Área de Responsabilidade Social e Cooperación e con docente e investigadoras implicadas na igualdade de xénero.

- ElasFanCienTec
- Exxperimenta en Feminino
- V Concurso de Creación Artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia
- 11F no CIM
- Edición 11F do Itinerario Formativo Virtual en Xénero
 - La inclusión de la perspectiva y el análisis género /sexo en la investigación y en la innovación, con 72 persoas matriculadas
 - A muller na ciencia, con 60 persoas matriculadas
 - Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i, 35 persoas.



8M. Día internacional das mulleres

O 8M é unha data de especial relevancia no traballo en prol da igualdade de xénero.

Ademais da campaña de sensibilización, desde fai anos lévase a cabo un acto institucional no que se entrega o premio UViguala. Neste evento tamén ten lugar un relatorio relacionado cos Estudos de Xénero e a lectura dun manifesto por parte do alumnado.

O IX premio UViguala foi para as profesoras responsables do programa Exxperimenta en feminino do Campus de Ourense: Alma Gómez, Nieves Lorenzo e Julia Carballo.



25N. Día internacional contra as violencias machistas

No actual contexto de incerteza para programar actividades presenciais, as accións en torno ao 25N estiveron centradas na formación, sensibilización e a prevención a través dunha campaña (póster) e de [tres pezas audiovisuais](#).

- Vídeo de sensibilización: Pensa en lila. Pon fin ás violencias machistas
- Pílula formativa: Que é a violencia machista?

- Vídeo interactivo: Pode ser unha gran noite!

A Unidade pretende que a acción contra as violencias machistas vaia máis alá dunha data concreta, polo que estamos traballando nunha nova acción de difusión directa dunha destas pezas, alén da súa publicación nas nosas redes sociais como un recurso estable.



Outras datas

- Colaboración na campaña da asociación querENDO. Mulleres con endometriose no 14 de marzo, Día mundial da Endometriose.
- Pequena peza en redes de denuncia polo 23S-Día internacional contra a Explotación Sexual e a Trata.

A intención da Unidade é ir incorporando accións específicas arredor doutras datas significativas –no calendario da Igualdade poden atoparse sinalados estes días- para afondar nun traballo máis interseccional.

Visibilizar as desigualdades de xénero na universidade, desagregar os datos estatísticos oficiais da UVigo por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais

Anualmente, unha vez publicados os datos oficiais, a Unidade elabora e difunde o [Observatorio da Igualdade da Universidade de Vigo 2021](#).

Distintivo de igualdade

O Distintivo de igualdade xorde co fin de visibilizar e de recoñecer pública e institucionalmente o esforzo de moitas persoas que, na nosa universidade, loitan día a día por investigar, ensinar, transferir, xestionar e producir coñecemento científico, incorporando a mirada de xénero e feminista. Esta iniciativa pretende recoñecer o traballo dos centros, das escolas e das facultades no eido do fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e, deste xeito, conquistar unha universidade máis humana, igualitaria e xusta.

Esta é unha medida pioneira nas universidades do Estado.

Na [1ª convocatoria](#) presentáronse 11 centros e o recoñecido co primeiro Distintivo foi a Facultade de Filoloxía e Tradución.

Para impulsar esta medida e dar visibilidade ao traballo xa feito, elaborouse un documento de traballo que recolle as [Boas prácticas en igualdade](#) presentadas na primeira convocatoria.

As achegas e suxestións recibidas incluíronse na [2ª edición](#) que distinguirá a todos os centros solicitantes que superen os 80 puntos, segundo os criterios establecidos na convocatoria.



[La UVigo implanta distintivo "pionero" en España para reconocer a sus facultades y escuelas más igualitarias](#)

[La Facultade de Filoloxía e Tradución de la UVigo, primera de España en lucir un Distintivo de Igualdad](#)

Actividades docentes e de sensibilización

Unha das medidas consolidadas da Unidade de Igualdade é a convocatoria anual de axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios e, por outra, para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero. O apoio de financiamento pode chegar ata un máximo de 2000 euros por actividade a realizar antes do 15 de novembro. No ano 2021 destináronse 19.000 euros do orzamento da Unidade a esta acción.

Actividades docentes

- [Cómplices: a violencia machista institucional. Unha abordaxe integral](#)
- [IV xornada Olladas á Antigüidade: maternidades e infancia](#)
- [Prácticas para a creatividade desde a perspectiva de xénero](#)
- [III conferencia Control de xestión dende unha perspectiva de xénero](#)
- Agitando la heteronormatividad: performance, sexualidad y disidencia
- Prácticas fotográficas feministas. Conferencia de Ánxela Caramés e revisión de portfolios
- [Xornada mulleres do mar, mulleres no mar](#)
- Cinefórum [\(in\)Visibilidade das mulleres STEAM na cinematografía](#)
- Planes de igualdade de oportunidades en empresas y/o institucións

Actividades de sensibilización

- [Cando as mulleres chegaron ao espazo](#)
- Dereito e dereitos. O xénero a debate
- [Exposición Mulleres do mar, mulleres no mar](#)
- Sumando nomes femininos á historia da ciencia dende o CIM

- eXXperimenta en feminino: feira virtual
- Conferencia de Caelainn Hogan
- Relatorio: A aplicación da lexítima defensa en casos de maltrato á muller de Inés Olaizola Nogales.

Manter a actual existencia dun equilibrio representativo entre os sexos nas xefaturas de servizo

Empezamos a avanzar nesta acción cun documento de traballo no que se fixo unha recollida dos datos actuais. Pendente de análise para valorar outros indicadores e completar esta medida.

Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade

Recursos humanos

- **Técnica superior de igualdade**

Resolución do proceso anunciado na oferta de emprego público do ano 2019. Desde o 1 de xullo de 2021 a Unidade dispón dunha técnica superior de igualdade con categoría de persoal laboral fixo a tempo completo.

- **Alumnas en formación**

A Unidade tamén contou co apoio de dúas bolseiras de formación a través do programa [Bolsas de Formación das Unidades e Áreas](#), de nove meses de duración en total cada unha (coincidindo cun curso completo), unha que rematou o seu período de formación en xuño do ano 2021 a través da convocatoria 20/21 e a segunda que o comezou en outubro da actual, a do 21/22, e que continuará ata o mes de xuño.

Tamén se recibiu a unha alumna en prácticas do ciclo formativo superior de Promoción da Igualdade de Xénero e a outra alumna do Máster Virtual Violencia de Xénero da Universidad Internacional de Valencia.

Iniciáronse os trámites para acoller a unha alumna da UNED pero non foi posible asinar o convenio por incompatibilidades administrativas.

Recursos económicos

- **Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** Mantívose o convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Igualdade e as oficinas e unidade de igualdade das tres universidades galegas para continuar a transferencia directa de fondos para desenvolver actividades na liña dos obxectivos do Pacto. Os fondos destinados foron de 45.000 euros.

Presentamos unha memoria específica das actividades realizadas.

- **Cátedra Feminismos 4.0 DePO-UVigo.** Desde o ano 2019 existe un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo que se executa na Cátedra Feminismos 4.0. O programa de accións deséñase e execútase cos obxectivos de promover a igualdade, a non discriminación e a accesibilidade universal das mulleres no ámbito das actuais sociedades da información e promover e impulsar actividades de investigación e innovación feminista en todos os ámbitos de coñecemento. O orzamento anual da Cátedra é de 60.000 euros.

Neste caso tamén se elaborou unha memoria específica das iniciativas desenvolvidas ao abeiro da Cátedra.

Garantir unha comunicación institucional inclusiva

Dentro das funcións da Unidade de Igualdade de prestar apoio técnico e asesorar os centros, órganos e servizos para integrar a perspectiva de xénero en toda a actividade universitaria realizamos revisións de linguaxe sexista e facemos a adecuación a linguaxe inclusiva.

Poden chegarnos a través de queixas –que comprobamos e, de ser certas, actuamos para que se corrixa-, a petición dun servizo ou órgano, moi puntualmente, ou por propia iniciativa da Unidade, que é o máis habitual.

O feito de que a última vía sexa a máis recorrente implica que actuamos sobre documentos ou imaxes que xa son públicos cando sería máis operativo facelo

nunha fase previa. Alén disto depende de que o persoal da Unidade detecte un mal uso, o que non sempre é posible nin inmediato.

Elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar a toda a comunidade universitaria

Durante o ano 2021 tiveron lugar dúas convocatorias do Itinerario Formativo Virtual en Xénero, a 4ª e a 5ª edición desta acción formativa. Destacamos, na última, o aumento do número de persoas matriculadas –e consencuentemente, pese a que nas formacións masivas non se corresponde co interese inicial, o maior número de persoas que remataron as formacións.

Na intención de consolidar o Itinerario e traballar por melloralo en cada edición, na cuarta edición a oferta de cursos ampliouse en oito novas propostas formativas:

- [Políticas públicas de igualdade](#)
- [Pensar o amor no século XXI](#)
- [Pornografía](#)
- [A prostitución no marco do capitalismo neoliberal](#)
- [Novas masculinidades](#)

E unha edición especial do IIF na que se ofreceu a posibilidade de cursar tres cursos específicos

- [La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación](#)
- [A muller e a ciencia](#)
- [Dimensión de género en los proxectos de I+D+i de las TIC](#)

Na quinta edición, ampliouse a oferta co curso [Intelixencia artificial e xénero](#) e facilitouse o acceso libre aos contidos dos cursos que se recompilaron en catro volumes. Estes [recursos](#) tamén se maquetaron e imprimiron en papel e hai exemplares dispoñibles en todas as bibliotecas da UVigo.

Durante a quinta edición coordinamos a elaboración dun novo curso que se incorporará ao catálogo actual na seguinte edición.

No último trimestre iniciamos as consultas e as xestións para poder ofrecer o Itinerario a persoas fóra da comunidade universitaria.



[Valoración da cuarta edición.](#)

[Valoración da quinta edición.](#)

Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero



Publicación de [catro volumes](#) para recompilar os contidos do Itinerario.

Reimprimíronse novos exemplares das [Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero](#) (11).

Os dous recursos están dispoñibles en todas as bibliotecas universitarias dos tres campus e tamén en acceso libre en formato dixital no espazo web da Unidade.

Promover e ampliar a oferta de formación para impulsar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación:

A perspectiva de xénero é un elemento fundamental no sistema de ciencia e de innovación para favorecer a igualdade entre mulleres e homes, tanto nos organismos públicos de I+D+i como nos proxectos de investigación, a fin de alcanzar unha ciencia de maior excelencia e calidade.

En apoio ás consultas recibidas e tras os cambios nos criterios de elixibilidade do programa de financiamento europeo Horizonte Europa, a Unidade de Igualdade elaborou dúas guías breves para facilitar pautas para incorporar a perspectiva de xénero nos centros e nos proxectos de investigación.

- [Como incorporar a perspectiva de xénero nos centros de investigación da universidade](#)
- [Como incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de investigación](#)

Tamén atendemos consultas e demandas de apoio directo (centros, proxectos de investigación e persoal investigador).

Recentemente engadimos un novo apartado dedicado á [investigación](#) no espazo web que esperamos seguir dotando de contidos actualizados ao longo do tempo.

Favorecer unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero

En proceso unha liña de publicacións en colaboración cunha editorial galega. A Unidade impulsa e colabora na edición de varias obras de transferencia dos estudos de xénero e os traballos de investigación con perspectiva de xénero, en especial aqueles recoñecidos co premio Egeria, de carácter divulgativo.

Está previsto o lanzamento da primeira publicación no primeiro semestre do 2022.

Promover a investigación no marco dos estudos de xénero

Convocatoria dos [premios Egeria](#) á inclusión da perspectiva de xénero nos TFG e TFM

- 1 premio de TFG por cada un dos seguintes grupos:
 - Rama Xurídico – Social
 - Rama Ciencias – Rama CC da Saúde – Rama Enxeñaría e Arquitectura
 - Rama Artes e Humanidades
- 1 premio de TFM por cada un dos seguintes grupos:
 - Rama Xurídico - Social
 - Rama Ciencias – Rama CC da Saúde – Rama Enxeñaría e Arquitectura
 - Rama Artes e Humanidades

A contía máxima de cada premio é:

1. TFG de 500 €

2. TFM de 600 €

Outorgáronse tres premios a TFG, dous no ámbito de Artes e Humanidades e un no de Ciencias Sociais e Xurídicas. E tres a TFM, un de Artes e Humanidades e dous de Ciencias Xurídicas e Sociais. Ao quedar desertos os outros ámbitos o tribunal decidiu cambiar a distribución e incluír traballos do mesmo ámbito.

- Convocatorias de [axudas á investigación](#) da Cátedra Feminismos 4.0 (30.000 euros)

O total da subvención destinada a este fin foi de 30.000 euros.

Acción honoris causa

Revisión da normativa vixente e proposta dunha acción para impulsar a presenza de mulleres nesta distinción. Os servizos administrativos non poden completar esta acción, segundo a normativa actual, polo que está pendente de confirmar apoios para levala a cabo e executar.

Sensibilización e mediación dende a UI do persoal responsable de decisión proconciliación para que as impulsen

Acompañamento, asesoramento e mediación nas consultas e demandas recibidas no servizo sobre cuestións vinculadas coa conciliación de calquera persoa da comunidade universitaria.

OUTRAS ACTIVIDADES

Ademáis das medidas do III Plan de igualdade implementadas tamén levamos a cabo accións estables do servizo, medidas puntuais ou aquelas que responden a necesidades específicas que coñecemos durante este tempo.

Boletín

Publicación mensual dixital que reúne diferentes apartados con información académica, formativa e recursos de interese en cuestións relacionadas coa igualdade de xénero e os feminismos.

Ademais da difusión periódica deste recurso está dispoñible, para acceso libre, no apartado propio do espazo web da Unidade de Igualdade «[Boletín e recursos](#)».

Actualmente, co apoio da bolsa de formación na Unidade de Igualdade, estamos a traballar na mellora da imaxe.

Comunicación RRSS

Perfiles activos e con contidos propios en varias redes sociais: Twitter (1067 seguidores), Facebook (1195), Instagram (1432) e Telegram.

Cambio de imaxe co apoio da actual bolsa de formación.

Consultas

Deseñamos e lanzamos tres consultas en liña para coñecer as necesidades respecto á igualdade e o feminismo do alumnado, o PAS e o PDI.


A participación foi moi desigual: alumnado (505), PAS (42) e PDI (85). Pódense consultar na memoria que figura na nosa web a análise dos resultados dos tres cuestionarios.

Como resultado desta acción, por iniciativa da bolsa de formación, puxemos en marcha unha nova actividade, o [club de lectura Rosario de Acuña](#) que se levará a cabo entre os meses de febreiro e xuño, con 5 lecturas de ficción e non ficción, no segundo cuatrimestre do curso 2021/22 en formato mixto, presencial e virtual.

Distribución de compresas e tampóns



Para atender as necesidades específicas dun sector da comunidade universitaria e recollendo unha iniciativa que se estaba a desenvolver de forma voluntaria por diferentes persoas e colectivos nos tres campus (asociacións de estudantes, delegacións de alumnado, persoal do servizo de limpeza etc.) distribuíronse compresas e tampóns nas escola e facultades para que fosen accesibles a quen as precisara.



A distribución fíxose directamente a cada centro, desde onde se determinou como se xestionaría. Nalgúns están dispoñibles nas conserxarías, noutras repóñense nos baños ou en espazos de uso común para facilitar o uso a persoas trans e non binarias e noutros, a maioría, están nas delegacións de alumnado. Recentemente aprobouse o expediente para sacar a concurso a [instalación e mantemento de dispensadores](#) en 23 centros de cara a facilitar o acceso.

Tras un seguimento da acción, a través de varias delegacións de alumnado, sabemos da implicación do estudiantado nesta

acción que difundiron activamente nas súas redes sociais para que fose coñecida e con carteis nas escolas e facultades.

Esta é unha medida pioneira no sistema universitario español. Ningunha outra universidade, da que teñamos constancia, realiza esta medida. Por isto, fomos convidadas a presentar e debater esta iniciativa no Laboratorio de Políticas institucionais das universidades sobre Menstruación da UdC no mes de novembro.

[La Universidad de Vigo entrega compresas y tampones gratis a estudiantes y profesoras](#)

7ª edición XUGeX 2021

Mantense a colaboración directa coas oficinas de igualdade da USC e da UdC a través da que se leva a cabo a xa consolidada Xornada Universitaria Galega en Xénero.

A última edición, debido ao contexto sociosanitario, tivo lugar unicamente en formato virtual os días 10 e 11 de xuño.

[Desigualdades de xénero en tempos de covid](#)

A xornada estivo estruturada, como é habitual, en tres meses lideradas por cada unha das universidades do SUG: Mulleres, investigación e COVID; Violencias contra as mulleres e Perspectiva de xénero na docencia universitaria. Mulleres

Cátedra Feminismos 4.0

- Observatorio de machismo dixital. [1ª informe do Observatorio.](#)
- [Premios GirlGeekCovid](#)
- [Axudas á investigación 2021](#)
- 3ª edición do [Workshop Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado](#)

Para avaliar e recompilar o traballo desenvolto a través da Cátedra realizamos unha memoria específica.

Calendario

A nosa historia constrúese grazas a loitas e sacrificios individuais que se foron conxugando con reivindicacións colectivas para lograr fitos históricos. Un dos grandes dereitos conquistados polas mulleres foi o acceso á universidade. A súa incorporación masiva á universidade é o factor máis importante para explicar o gran crecemento da economía española na segunda parte do século XX, algo pouco recoñecido na nosa sociedade.

A Unidade quixo iniciar unha nova liña de traballo, recoñecendo, o papel das mulleres nos centros da Universidade, para o que se fixo unha primeira escolma que aparece no calendario de 2022.

[Calendario da Igualdade 2022. E as mulleres entraron na universidade](#)

De forma excepcional, este ano dispuxemos dunha tirada maior do habitual, de 1000 copias, que se distribuíron por completo entre toda a comunidade universitaria.

Repertorio Premios Egeria

Os Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos TFG e TFM da Universidade de Vigo queren recompensar a quen, con esforzo e implicación, traballa para consolidar os estudos de xénero e xerar unha epistemoloxía feminista en calquera dos ámbitos de coñecemento. Para o premio utilizouse o nome da galega Egeria, viaxeira e escritora, unha intrépida muller que no século IV narrou por primeira vez as súas viaxes a través de cartas coas súas amigas.

Desde a primeira convocatoria en 2014, son moitos os traballos de investigación recoñecidos con este galardón, o que demostra a calidade das novas investigadoras e investigadores e a súa vontade de incorporar a perspectiva de xénero na súa formación e no seu desenvolvemento profesional. Como recoñecemento a Unidade quería dar un espazo propio a estes traballos e as súas autores e autores

para o que se incluíu un repertorio no apartado de Docencia e formación con perspectiva de xénero da nosa web.

[Repertorio dos premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos TFG e TFM da Universidade de Vigo](#)

De acordo co establecido na normativa de transparencia e acceso á información pública e de protección de datos persoais, as persoas que accedan aos datos identificativos dos autores e autoras dos traballos de TFG e de TFM publicados neste repertorio non poderán utilizalos para unha finalidade distinta á da súa consulta sen ter autorización previa da persoa titular destes, que para todos os efectos serán as responsables en caso de incumprimento.

Seminario Fenda salarial de xénero na UVigo

Realizouse un informe propio, ademais de participar achegando datos no estudo *Brecha salarial de género en las universidades públicas españolas*, do Ministerio de Universidades, ANECA e CRUE Igualdad.

Para reforzar o traballo feito impulsamos un seminario de traballo onde se convidou a expertas e expertos de diferente ámbitos para incluír as súas achegas.

[Programa](#)

Temos a previsión de publicar un resumo das conclusións con motivo do 22F, Día europeo da igualdade salarial.

Participación da Unidade de Igualdade

- Contacto directo e continuado coas oficinas de igualdade do SUG
- SXI-Secretaría Xeral de Igualdade: actividades propias en colaboración e sesión de traballo sobre políticas de investigación galegas.
- Mención honorífica na IV edición dos premios Meninas 2021 de Galicia, concedido pola Delegación do Goberno en Galicia a persoas ou entidades que teñan destacado a nivel autonómico ou provincial na loita contra a violencia de xénero.

- Laboratorio de Políticas institucionais das universidades sobre Menstruación da UdC. Presentación na Mesa de posta en común de propostas e iniciativas.
- Participación no estudo de fenda salarial do Ministerio de universidades, Aneca, Ministerio de Ciencia e CRUE
- Atención aos medios de comunicación a raíz das políticas de igualdade impulsadas pola nosa universidade: TVE2, Radio Galega, Publico, El País, Antena3, La Voz de Galicia, Atlántico, Faro de Vigo etc.
- Participación en dous proxectos europeos: CASPER (políticas de igualdade europeas) e ETHNA SYSTEM Gender Equality.
- Parte do tribunal dos Premios para TFG e TFM con perspectiva de Xénero da Valedora do Pobo
- Coordinación co Vicerreitorado de investigación no Programa Innovatia 8.3
- Reunión convocada por GCiencia sobre políticas de igualdade no eido da investigación en Galicia
- Revisión do plan de acción de Igualdade do Campus da Auga (Ourense)
- Participación na proposta para a creación da Lei Ángeles Alvariño.
- Elaboración informes de igualdade en coordinación coa Unidade de Análise e Programas para *rankings* internacionais.

Participación grupos de traballo RUIGEU

Como integrantes activas da Red de Unidades de Igualdade para a Excelencia Universitaria participamos en diferentes liñas de traballo:

- Grupo de docencia con perspectiva de xénero
- Grupo de comunicación
- Grupo de investigación


Activación do Protocolo de Cambio de Nome UVigo

Durante o ano o protocolo activouse a petición das persoas interesadas e resolvéronse todas as solicitudes formuladas.

O día 18 de xaneiro convidamos a unha avaliación participada do traballo da Unidade de Igualdade as e os enlaces da UVigo. No encontro de traballo virtual puideron participar nove das enlaces.

Avaliación participada Unidade de Igualdade 2021

1 **Unidade de Igualdade**



- a) Diseñar, en colaboración co equipo de goberno, as políticas de igualdade de xénero da institución.
- b) Implantar, seguir e avaliar os plans de igualdade.
- c) Asesorar os centros, órganos e servizos para integrar a perspectiva de xénero en toda a actividade universitaria.
- d) Fomentar o coñecemento na comunidade universitaria do alcance e significado do principio de igualdade de xénero.
- e) Realizar accións de formación e de sensibilización para acadar un contorno igualitario e libre de violencia.

2 **Actividades**

<p>Accións do III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024</p> <p style="font-size: 24px; font-weight: bold;">14</p>	<p>Outras actividades Accións establecidas do servizo, medidas puntuais ou aquelas que respondan a necesidades específicas que coñecemos durante este tempo.</p> <p style="font-size: 24px; font-weight: bold;">13</p>
---	--

III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Vigo

- Campañas de sensibilización (11F, 8M, 25N).
- Visibilizar as desigualdades de xénero na universidade.
- Distintivo de igualdade.
- Actividades docentes e de sensibilización.
- Manter o equilibrio representativo entre os sexos nas xefaturas de servizo.
- Reforzar a Unidade de Igualdade.
- Garantir unha comunicación institucional inclusiva.
- Elaborar cursos de formación en liña de xénero.
- Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero.
- Promover e ampliar a oferta de formación para impulsar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.
- Favorecer unha liña de publicación propia.
- Promover a investigación no marco dos estudos de xénero.
- Acción honoris causa
- Sensibilización e mediación proconciliación



3

Outras actividades

- Boletín
- Comunicación RRSS
- Consultas
- Distribución de compresas e tampóns
- XUGeX 2021
- Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo
- Repertorio Premios Egeria
- Seminario Fenda salarial de xénero na UVigo
- Calendario 2022
- Participación da Unidade de Igualdade en proxectos, xornadas, seminarios e outras actividades.
- Participación nos grupos de traballo da RUIGEU
- Activación do Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común.
- Apoio puntos lila nas festas universitarias.

4



Unha vez enumeradas e explicadas as diferentes accións, abrimos unha quenda de palabra para coñecer as impresións das participantes e poder incorporar as súas achegas na avaliación do noso traballo e valorar como incorporalo no funcionamento deste novo ano 2022.

Como podemos mellorar?



5

Agradecemos o tempo e a participación das enlaces e a valoración desta proposta de encontro para fortalecer as redes de traballo pola igualdade de xénero dentro da Universidade. Recollemos tamén a necesidade de promover este tipo de espazos xa que non todas as actividades que se realizan desde a Unidade son coñecidas ou chegan a todos os centros. Tamén se comentou a necesidade de que

esta información chegase a máis sectores da comunidade universitaria, para que coñecesen as políticas de igualdade da UVigo, polo que imos traballar activamente en mellorar a comunicación e o diálogo ao longo do 2022.

Na quenda de preguntas tratáronse diferentes cuestións:

Dúbidas respecto á segunda convocatoria do **Distintivo de Igualdade** e a forma de valorar as candidaturas. Indicáronse os cambios incorporados tras a avaliación da primeira edición e a nosa disposición a seguir traballando para mellorar esta medida, pioneira nas universidades españolas, e que tanta acollida tivo entre as escolas, facultades e centros da Universidade de Vigo.

Houbo interese na acción de **promoción da presenza feminina nas Honoris Causa** da nosa Universidade polo que explicamos con maior detemento as tarefas realizadas e o estado no que se atopaba esta acción.

Unha das enlaces, docente dun dos cursos do **Itinerario Formativo Virtual en Xénero**, informou da proposta que recibira por parte dunha administración estatal para ter acceso á súa acción formativa. Parécenos importante que se valore o esforzo e a calidade deste programa e que poida chegar a máis persoas para potenciar o coñecemento da perspectiva de xénero, unha liña na que estivemos a traballar para as próximas edicións do Itinerario.

Entre as **suxestións de novas liñas de traballo e propostas de mellora** xurdiron varias cuestións:

- Tentar **ampliar a participación e implicación masculina**. Unha cuestión habitual nas avaliacións do traballo pola igualdade polo que nos tamén estamos preocupadas e que está incorporada con medidas específicas no *III Plan de igualdade*. Todos os datos recollidos (enquisas, participación en actividades, alumnos inscritos en accións formativas etc.) amosan unha baixísima representación dos homes da comunidade universitaria.
- Buscar fórmulas para **chegar ao alumnado**. Algo no que xa vimos traballando nos últimos meses de forma activa, con novas propostas, activando a comunicación, programando encontros físicos etc.

Entre as enlaces, ofrecéronse a reforzar o apoio, colaborando de forma máis activa na comunicación nos seus propios centros e difundir as actividades e accións promovidas pola Unidade. Entre as fórmulas propostas falouse da posibilidade de aproveitar os temas dispoñibles no PAT para promocionar o traballo en prol da igualdade e para dar a coñecer a Unidade de Igualdade.

- Por último recoller unha consulta que nos formularon sobre o uso de linguaxe inclusiva nunha ferramenta institucional que temos que comprobar e consultar para poder dar unha resposta.

Desde a Unidade de Igualdade queremos insistir no noso agradecemento polo tempo e a implicación das enlaces para poder completar a nosa avaliación do ano 2021.